

## 2º ESO

### EXERCICIOS RESOLTOS 2º ESO- 3ª SEMANA DO 30 DE MARZO AO 3 DE ABRIL

#### 1ª SESIÓN

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vossos exercicios estean revisados e corrixidos.

#### 2ª SESIÓN

### O GALEGO NA SÚA CONTORNA. A TRANSMISIÓN LINGÜÍSTICA. (Páx. 122)

#### Exercicios resoltos

1. A denominación de “lingua materna” substituíuse pola de “lingua inicial” debido a que hoxe en día non sempre é a primeira lingua dun neno non é necesariamente a lingua da súa nai.

- **Que cambios sociais provocan esta situación?**

Os cambios que provoca esta situación teñen que ver cos novos modelos de familia, nos que non sempre hai unha nai, ou hai máis dunha. Independentemente disto, hai que ter en conta que non son as nais as únicas que transmiten a lingua, tamén o fan os pais e as persoas que rodean e coidan ese cativo ou cativa.

- **Tendo en conta os diferentes medios á hora de aprender unha lingua, en que orde os colocarías de maior a menor importancia? En que medida cres que inflúe a televisión? Xustifica as respostas.**

Actividade de resposta aberta. Tedes que reflexionar sobre o peso dos diferentes axentes a través dos que as persoas aprendemos unha lingua. Cómpre que analicedes a vosa propia experiencia e que vos decatedes da situación particular que supón vivir nun espazo con dúas linguas ambientais. Debedes tamén reflexionar como a televisión inflúe na aprendizaxe das linguas.

2. **Define “bilingüismo individual” e “bilingüismo social”.**

- Bilingüismo individual: capacidade individual para falar e comunicarse en dúas linguas, posuíndo todas as destrezas para facelo.
- Bilingüismo social: é aquel que se produce cando unha sociedade, unha comunidade ten dúas linguas ambientais. Este bilingüismo leva asociada, na maior parte dos casos, unha conduta dilgósica, isto é, os falantes cambian de lingua en función do interlocutor e o contexto.

- **En que linguas te consideras bilingüe?....**

Actividade de resposta aberta. Trátase de que reflexionedes sobre como usades as dúas linguas ambientais de Galicia: en que contextos, con que interlocutores e que busquedes unha explicación para isto. Igualmente, espérase que analicedes as destrezas que tedes en cada unha das linguas e os motivos de que sexa así. Simultaneamente, debes producir un texto escrito coherente e correcto no que expliques, de forma argumentada, as conclusións ás que chegastes.

- **Se algún ou algunha de vós é inmigrante en Galicia ou fillo de inmigrantes, é interesante que contedes a vosa experiencia lingüística.**

Actividade de resposta aberta

#### **4. Que lle contestarías a unha persoa que afirmase o seguinte: “Para hablargallego y hablarlo mal, prefiero hablar castellano.”**

Actividade de resposta aberta. Trátase de que reflexionedes sobre as causas que orixinan este tipo de actitudes (prexuízos, diglosia), buscando argumentos para combatelas.

Unha das posibles contestacións podería ser que aprender unha lingua pasa, necesariamente, por períodos nos que non se pode dominar correctamente, pero no caso do galego, esas dificultades son facilmente solucionables grazas ao ensino obrigatorio e a presenza da lingua na sociedade. Ninguén pasou do estado A: *Non falar unha lingua* ao estado C: *Falar ben unha lingua* sen pasar por un período intermedio B: *Falar máis ou menos mal esa lingua*.

### 3ª SESIÓN

#### A ACENTUACIÓN. ( Páx. 126)

Exercicios resoltos 1,2,3,4,e 5 da páx. 127.

**1. Clasifica estas palabras segundo sexan agudas, graves ou esdrúxulas:**

- Agudas: *control, ademais, baúl, pa.*
- Graves: *acne, neon, álbum, facilmente, útil, traquea, balea.*
- Esdrúxulas: *mágoa, rubéola, océano, bágoa*

**2. Indica que palabras das da marxe se corresponden con cada definición. Fíxate na acentuación desas palabras:**

- Proxectil autopropulsado de grande alcance: Mísil
- Organismo que vive a expensas doutro: Parasito
- Ave de pluma branca, pico grande e ancho, cunha bolsa onde deposita os alimentos: Pelicano
- Tecido orgánico no interior dalgúns ósos do corpo: Medula
- O máis selecto dun grupo humano: Elite
- Individuo que se distingue polos seus actos extraordinarios: Heroe
- Capa de aire que rodea a Terra: Atmosfera

**3. Descubre os pares diacríticos entre as palabras da marxe e despois en que se diferencia cada unha das palabras do par.**

- **Pór:** ‘poñer, colocar’ / **Por:** preposición
- **Ás:** *a* (preposición) + *as* (artigo); ‘alas’; ‘carta da baralla’ / **As:** artigo, pronome
- **Vén:** presente do verbo *vir* / **Ven:** presente do verbo *ver*; imperativo do verbo *vir*
- **Chá:** ‘plana’ / **Cha:** *che* (pronome) + *a* (pronome)
- **Cómpre:** ‘é necesario’ / **Compre:** ‘merque’

**4. Acentúa correctamente os seguintes enunciados:**

- *Pola póla da árbore ía unha pola camiñando.*
- *Os cans comen ósos e os osos comen salmóns.*
- *Non vaias con tanta présa que agora che dou a presa de sal.*
- *Non te decataches de que tomou o té de pé?*
- *No xantar quixo desfacer o nó da gravata para estar máis cómodo, mais non lle deixaron.*

**5. Acentúa correctamente o seguinte texto:**

—Imos entrar todos e agora mesmo; se algo lle pasa a Pedro nós temos que axudalo, porque estamos todos metidos nisto xuntos, e todos xuntos temos a obriga de coidar de que a ninguén lle pase nada malo. Ademais, se hai que axudalo, cantos máis sexamos, mellor [...].

—Non, Cristina —corrixiu Delio—, é mellor que Miguel quede fóra, e, se algo nos pasa a nós, que vaia a correr a Eiranova para pedir axuda.

—Tes razón. Pero veña, imos nós ver dentro, e ti queda aquí. Se notas que algo nos pasa, vas correndo a Eiranova e avisas alguén, pero non llelo digas a todos cantos atopes, por exemplo disllo só ao papá. Veña, imos ver que lle pasou a Pedro.